

Luns, 5 de marzo de 2018

Núm. 45

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SILLEDA

Contratos administrativos

LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA

ANUNCIO DE LICITACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA

OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do presente contrato a prestación do servizo público de: Servizo de Axuda no Fogar (SAF) . O vixente contrato continúa en situación de prórroga ata a nova adxudicación. Faise constar que o adxudicatario actual presentou Recurso de Reposición contra esta licitación, aprobada en Pleno de 30 Novembro 2017, que foi desestimado por acordo plenario de data 25 de Xaneiro.

PRAZO DE DURACIÓN

O prazo de duración do contrato é de DOUS ANOS dende a data da súa formalización, prorrogable por acordo expreso das partes por período igual ou inferior ata un máximo de outros dous (2 anos).

ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento de licitación do SAF de prestación básica e dependencia calcúlase sobre o prezo/hora, distinguindo dous tipos de servizos (ordinario e extraordinario), cos seguintes prezos unitarios:

- Prezo ordinario de licitación do SAF de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas os días laborables e sábados pola mañá, 11,70 euros hora, IVE excluído.
- Prezo extraordinario de licitación do SAF na modalidade de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas ao sábado pola tarde, domingos e festivos, 13,70 euros hora, IVE excluído.

O número de horas a prestar estimase, inicialmente, do xeito seguinte:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: ACHADM9SEAUU



Luns, 5 de marzo de 2018

Núm. 45

ESTIMACIÓN HORAS/ANO	LABORABLES E SÁBADOS MAÑÁ	DOMINGOS E FESTIVOS	TOTAL
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES	30.618,00	3.402,00	34.020,00
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE LIBRE CONCORRENCEIA	3.300,00		3.300,00
TOTAL HORAS	33.918,00	3.402,00	37.320,00
TOTAL HORAS	11,70	13,70	
ESTIMACIÓN ANUAL	396.840,60	46.607,40	443.448,00

NOTA: SE TRATA DUNHA PREVISIÓN, POLO QUE O PREZO CERTO DO CONTRATO SE ESTIPULA NO CUSTE CONTRATADO DA HORA, CUXO NUMERO É VARIABLE, SEMPRE INFERIOR AS PROGRAMADAS NO CADRO ANTERIOR (Véxase cláusula ao respecto no Prego).

ADXUDICACIÓN:

Procedemento aberto con multiplicidade de factores e trámite ordinario.

PROPOSICIÓN:

Os licitadores poderán presentar proposicións no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo de 26 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio no B.O.P. Os Pregos (2) e demais trámites se publicarán no Perfil do Contratante do Concello de Silleda.

DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:

Perfil do Contratante, onde se publican os Pregos e as restantes actuacións desta contratación e na Secretaría Municipal.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Os sinalados no prego de cláusulas administrativas.

GARANTÍA PROVISIONAL:

Non se esixe. Garantía definitiva: o 5% de prezo anual de adxudicación, IVE excluído.

Revisión de prezos: non procede, segundo se establece no prego de cláusulas administrativas.

GASTOS DE ANUNCIOS:

O gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adxudicatario.

Outras informacions: véxase o prego de cláusulas administrativas e particulares pulicado no Perfil do Contratante na páxina web www.silleda.es. Igualmente no Perfil contratación Administración Electrónica de SILLEDA (Gestiona) <https://gestiona-05.espublico.com>.

SILLEDA, 19 de Febreiro de 2018.

O ALCALDE

Asdo.: Manuel Cuiña Fernandez

